Concello
de Pontevedra
Servizo de Persoal

rúa de Michelena, núm. 30, 1º

986 804 307
sede.pontevedra.gal

2022/PROCESOSELECTIVO/000012

2022/PROCESOSELECTIVO/000013

RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DELEGADA DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A CONFECCIÓN DE DÚAS LISTAS DE SUBSTITUCIÓNS COAS CATEGORÍAS DE OFICIAL E INSPECTOR PARA HABILITACIÓNS DE FUNCIÓNS DE SUPERIOR CATEGORÍA PROPIAS DOS POSTOS DE OFICIAL E INSPECTOR QUE SE ATOPEN CIRCUNSTANCIALMENTE VACANTES NA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA.

Por Resolución da concellería delegada do Servizo de Persoal e Cultura do 25/08/2022 publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, no taboleiro de anuncios electrónico e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra o día 25/08/2022, publicáronse a listas provisionais de aspirantes admitidos/as e excluídos/as dos procesos selectivos convocados para a configuración de dúas listas de substitucións coas categorías de oficial e inspector para habilitacións de funcións de superior categoría propia dos postos de oficial e inspector que se atopen circunstancialmente vacantes na policía local do Concello de Pontevedra

De conformidade co previsto no artigo 5 das bases reguladoras da convocatoria,

RESOLVO

Primeiro.-Listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as.-Admitir aos/ás seguintes aspirantes:

PRAZAS: INSPECTOR POLICÍA LOCAL

1 DOMÍNGUEZ MAYA, JOSÉ LUIS

2 PORTELA CARBALLO, JOSÉ MANUEL

PRAZAS: OFICIAL POLICÍA LOCAL

1 BUGALLO GARRIDO, SERGIO

2 CARAMÉS NOGUEIRA, JOSÉ

3 GÓMEZ MARTÍNEZ, ÁLVARO

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:UPEYZIJVIPXSK4Q2

Segundo.- DATA, LUGAR E HORA DA CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E CELEBRACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN .- Determinar a data en que terá lugar a constitución do Tribunal Cualificador e a celebración do primeiro exercicio:

PRAZAS: INSPECTOR POLICÍA LOCAL

A Constitución do Tribunal terá lugar **o día 7 de setembro de 2022, ás 10:00 horas,** na Sala de nomeamentos da Xefatura da Policía Local , situada na rúa Alexandre Bóveda, s/n.

-O primeiro exercicio terá lugar **o día 15 de setembro de 2022, ás 09:00 horas,** na Sala de nomeamentos da Xefatura da Policía Local, situada na rúa Alexandre Bóveda s/n.

PRAZAS: OFICIAL POLICÍA LOCAL

A Constitución do Tribunal terá lugar **o día 7 de setembro de 2022, ás 11:30 horas,** na Sala de nomeamentos da Xefatura da Policía Local , situada na rúa Alexandre Bóveda, s/n.

-O primeiro exercicio terá lugar **o día día 15 de setembro de 2022, ás 12:00 horas,** na Sala de nomeamentos da Xefatura da Policía Local , situada na rúa Alexandre Bóveda, s/n.

Terceiro.- Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos exercicios.

Cuarto.-Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra.

Así o ordena e dispón a concellería delegada do Servizo de Persoal e Cultura no exercicio das súas atribucións delegadas, do que eu, Secretario de Administración Municipal, dou fe.

Asinado por: JOSE CARLOS CASTIÑEIRA PIÑEIRO
Servizo: SECRETARIA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL
Cargo: SECRETARIO
Data: 02/09/2022

Asinado por: MARÍA DO CARME FOUCES DÍAZ
Servizo: PRESIDENCIA
Cargo: CONCELLEIRA
Data: 02/09/2022
RESOLUCION: 2022007133

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:UPEYZIJVIPXSK4Q2